

ACTA Nº 25/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 21 DE XUÑO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 21 de xuño de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 21/10 do 24 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións n^{os} 307, 308 e 315/10, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, na 307/10, o recoñecemento da obriga co obxecto de, posteriormente, ordenar o pagamento da publicación no BOP dun anuncio; na 308, dar de alta no servizo de ludoteca a 5 nenos; e, na 315/10, recoñecer a obriga para o pago de facturas, autorizar e dispoñer o gasto para o arrendamento de caseta para baños de praias e de caseta para socorristas de salvamento de praias.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda

conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 91/10 – D. JESÚS PEREIRA CARBALLO presenta proxecto básico e de execución de conservación de vivenda unifamiliar, sita no barrio da Paradela, nº 15, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 09.06.2010,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. (OBRA MAIOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta aportando un panel que mellore a impermeabilidade e o illamento co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación interior e exterior da edificación preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	133,43 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.B) EXPTE. 80/10 – D.^a ROSANA PÉREZ RÍOS presenta proxecto de conservación de vivenda unifamiliar, sita no barrio da Costa, 47 – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 31.05.10

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A presente licenzia outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación dos hocos de fachada e elementos de acabado, a cuberta aportando un panel que mellore a impermeabilidade e o illamento co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos

circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria construtiva do proxecto así como a conservación interior e exterior da edificación preservando o uso preexistente.
O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	165,52 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.C) EXPTE. 69/10 – D. RAMIRO PAZ FERVENZA presenta proxecto básico e de execución de construción de muro de contención de terras de 18'00 m.l. por 2,00 m de altura (36,00 m2) a situar no lugar do Rial, do barrio da Xalde, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 11.05.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA MURO DE CONTENCIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licenza.**

Non procede informes sectoriais.

Altura do muro a partir da rasante natural do terreo será de 1,0 metros.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	124,53 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.D) EXPTE. 105/06 – ADACHAVE, S.L., presenta proxecto modificado 2 de proxecto básico e de execución de edificio de 18 vivendas na rúa Ramón Cabanillas, 118, Moaña, redactado polos arquitectos D. Rafael Nogueiras Mascarenhas e D. Javier Amadeo Pena Garrido, visado o 20.07.2009, e os seus anexos visados o día 30.04.2010,

Dáse conta do informe da asistencia técnica municipal do 13 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ED. 18 VIVENDAS, MODIFICADO 2 (Ampliación e adaptación)

1.- Preséntase proxecto MODIFICADO de básico e de execución, xustificándose o mesmo en base á aprobación do estudo de detalle do ámbito da unidade de xestión na Rúa Ramón Cabanillas entre os números 118 e 124, que foi aprobado definitivamente en data un de outubro de 2009.

2.- As modificacións introducidas afectan os parámetros urbanísticos no que se refire os fondos edificados en planta soto -2 e soto -1 e baixa. A modificación segundo se desprende da memoria e os planos adapta as plantas mencionadas ás aliñacións definidos no estudo de detalle aprobado. Na páxina 7 da memoria realízase xustificación do cumprimento expreso dos parámetros urbanísticos coa inclusión do apartado 1.3 memoria urbanística.

3.- As modificacións introducidas que afectan segundo a memoria presentada as condicións de protección de incendios, xustificanse segundo o CTE vixente para o uso de garaxe-aparcamento.

4.- O orzamento a efectos de licenza ascende á cantidade de 1.021.593,56 €

Por todo o anterior o informe é **FAVORABLE para obtención de licenza**

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: AMPLIACIÓN DE BAIXO E DUAS PLANTAS DE SOTO.

INFORME: **Procede licenza.**

A ampliación resulta instalada na planimetría elaborada polo Arquitecto Técnico municipal, obrante no expediente; a partir das alineacións consideradas na mesma planimetría correspondentes cos sistemas viarios existentes, estudos de aliñacións e fondos edificables de vinte metros que lle outorga a ordenanza correspondente para ser edificada en plantas baixa e inferiores; alineacións nas cales se inscribe o proxectado.

4.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de obra menor, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 44/10 – D. AURELIO FREIRE PIÑEIRO solicita ampliación de porta de ferro para entrada de coches, varanda de cerramento con barrotes e reconstrución de muro de peche a vía pública, no camiño da Carballeira, de acordo co croquis adxunto. Peche 8,50 ml x 2,00 alto; ampliación portal 0,90 ml, varanda 5,30 ml. Orzamento das obras 850 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 17 de xuño de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: AMPLIACIÓN DE PORTAL, VARANDA DE CERRAMENTO E RECONSTRUCCIÓN DE MURO.

INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación aportada.**

No expediente consta, acta de replanteo para o sinalamento da alineación fixación de cesión e fianza que procedan. De acordo coa presente acta subscribida polo arquitecto técnico municipal a posición das obras axústanse a alineación.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	23,80 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

5.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a

tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Trofeos II encontro Ecuestre de Moaña	María Isabel Cruz Carro (DEL RÓ SPORT)	3410 22601RC 965	206,00€
MEDIO AMBIENTE E MAR	Elaboración modelo de información sobre calidade augas zonas de baño	NOVOCONTORNO, S.L.	1720-22706 RC 970	338,69 €
TURISMO	Subministro de plano-guía de Moaña	DIFUX, S.L.	4320-22602 RC 1019	2.436,00 €
CULTURA	Agasallos participantes mostra Patchwork	Benxamin Riobó Sanluis (Librería O Pontillón).	3340-22601 RC 905	200,00 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2010 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

6.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

6.A) O representante de TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L., por escrito con entrada neste Concello o día 26 de abril de 2010, expón que dita empresa foi adxudicataria da obra *Rehabilitación do edificio do centro sociocultural Daniel Castela* para cuxa execución depositou fianza definitiva, por importe de 6.989,56 €, da entidade avalista AFIGAL. Indica que xa solicitara a súa devolución e reitera a súa petición, dado que xa transcorreu o prazo de garantía.

Visto o informe favorable do arquitecto técnico do Concello do día 14 de xuño de 2010, no que indica que as obras executadas se encontran en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas,

Visto o informe favorable á devolución da garantía do secretario municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da garantía definitiva depositada por TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS, S.L. para responder da execución da obra *REHABILITACIÓN DO EDIFICIO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DANIEL CASTELAO*.

6.B) D. JUAN FERNÁNDEZ RIVAS, arquitecto, por escrito de data 7 de outubro de 2009, solicita a devolución da fianza depositada para responder das funcións de asistencia técnica da redacción do proxecto de *Mellora de seguridade vial PO 314 – Avda. Daniel Castelao*, cuxo importe é de 960 euros.

Visto o informe favorable á devolución da fianza, emitido polo arquitecto que asiste tecnicamente ao Concello,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da garantía definitiva depositada por D. JUAN FERNÁNDEZ RIVAS para responder da execución da asistencia técnica pola redacción do proxecto *MELLORA DE SEGURIDADE VIAL PO 314, AVDA. DE CASTELAO*, por unha contía de 960 euros.

6.C) A SOCIEDADE VISTA LA CAINA, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 12 de maio de 2010, expón que obtivo a licenza de primeira ocupación para o expte. de obra 143/2006 aprobada pola Xunta de Goberno do 12.04.10, e solicita que se lle devolva a fianza depositada para sufragar os gastos de urbanización.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, de data 24 de maio de 2010, que indica que *as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da aliñación oficial sobre o predio están totalmente rematadas e adáptanse ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra de dúas vivendas unifamiliares adosadas na Bouza. A licenza de primeira ocupación está aprobada pola Xunta de Goberno Local do día 12 de abril de 2010 polo que **procede a devolución de fianza** da cantidade de 280,00 €.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada pola SOCIEDADE VISTA LA CAINA, S.L. para responder dos gastos de urbanización da obra 143/2006, por unha contía de 280 euros.

6.D) A SOCIEDADE VISTA LA CAINA, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 12 de maio de 2010, expón que obtivo a licenza de primeira ocupación para o expte. de obra 144/2006 aprobada pola Xunta de Goberno do 10.05.10, e solicita que se lle devolva a fianza depositada para sufragar os gastos de urbanización.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, de data 24 de maio de 2010, que indica que *as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da aliñación oficial sobre o predio están totalmente rematadas e adáptanse ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra de dúas vivendas unifamiliares adosadas na Bouza. A licenza de primeira ocupación está aprobada pola Xunta de Goberno Local do día 26 de abril de 2010 polo que **procede a devolución de fianza** da cantidade de 800,00 €.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución da fianza depositada pola SOCIEDADE VISTA LA CAINA, S.L. para responder dos gastos de urbanización da obra 144/2006, por unha contía de 800 euros.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE ICIO POR DENEGACIÓN DE LICENZA

D. José Álvarez Santiago, por instancia con entrada no Concello o día 28 de maio de 2010, expón que se lle denegou licenza do expte. de obras nº 177/09 por acordo da Xunta de Goberno do 2 de novembro de 2009, para o que realizara unha liquidación provisoria de 315,54 euros. Solicita a devolución das taxas practicadas por non proceder a concesión da licenza solicitada.

Vista a liquidación provisoria practicada:

ICIO.....	140,54 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

Visto o artigo 4º.5) da Ordenanza fiscal do imposto sobre construcións, instalacións e obras que di: *A non execución das obras dará dereito ao que tivera pagado o imposto a obter a devolución dos dereitos ingresados,*

Visto o artigo 11º.5) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas que di: *A denegación, a caducidade da licenza, ou a non execución das obras, non dá dereito ao seu titular a obter a devolución dos dereitos ingresados. Ante a denegación da licenza, se persiste o interesado na súa obtención, a solicitude comportará a presentación de documentación reformada completa,*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda devolverlle a D. José Alvarez o importe correspondente ao ICIO -140,54 €- e os 110,00 € do cartel de obra.

8.- RECLAMACIÓN SOBRE PAGAMENTO DE TRIENIOS AO FUNCIONARIO ADMINISTRATIVO DE INTERVENCIÓN.

Visto o informe do departamento de persoal, de dat 8 de xuño de 2010, que di:

Don Manuel Eugenio Costa Diz, como funcionario responsable do departamento de persoal do Concello de Moaña, en resposta á reclamación presentada polo funcionario de carreira don Pablo Martínez Costa en relación coa non inclusión nas súas nóminas durante o período que vai dende xullo de 2007 a decembro de 2009, incluídas pagas extraordinarias, dun trienio do grupo D, revisado o expediente persoal deste traballador, **INFORMO:**

Primeiro.- Don Pablo Martínez Costa prestou servizos ao Concello de Moaña no período xullo de 2007- decembro de 2009 en calidade de funcionario de carreira.

Segundo.- O funcionario don Pablo Martínez Costa devengou un novo trienio do grupo D o día 6 de xuño de 2007.

Terceiro.- Por tanto, o día 1 de xullo de 2007 o funcionario citado tiña consolidados os seguintes trienios:

3 trienios do grupo E.
6 trienios do grupo D

Cuarto.- Revisada a nómina de xullo de 2007 comprobamos que unicamente foron abonados os seguintes trienios:

- 3 trienios de grupo E.
- 5 trienios do grupo D.

Esta situación mantívose de forma invariable ata que foi regularizada na nómina do mes de xaneiro de 2010.

Polo exposto, infórmase que o funcionario de carreira don Pablo Martínez Costa non percibiu o importe correspondente a un trienio do grupo D consolidado o día 6 de xuño de 2007, no período que vai dende o mes de xullo de 2007 a decembro de 2009, ámbolos dous incluídos, ascendendo as cantidades deixadas de percibir a 615,79 euros

Visto o informe do interventor de data 10 de xuño de 2010 que conclúe *acreditada a existencia dun erro na elaboración das nóminas mensuais do funcionario don Pablo Martínez Costa, consistente na non inclusión nas nóminas mensuais e pagas extraordinarias devengadas dende o mes de xullo do ano 2007 ata o mes de decembro de 2009, ámbolos dous incluídos, dun trienio do grupo D/C1, esta Intervención informa favorablemente o recoñecemento dunha obriga a favor de don Pablo Martínez Costa, por importe de 615,79 euros.*

Vista a proposta do delegado de persoal de pagarlle á cantidade de 615,79 euros ao funcionario de intervención, D. Pablo Martínez Costa, importe deixado de percibir correspondente a un trienio do grupo D consolidado o día 6 de xuño de 2007, no período que vai dende o mes de xullo de 2007 a decembro de 2009, ámbolos dous incluídos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do delegado de persoal nos seus xustos termos.

9.- CONVENIO COA FUNDACIÓN FORGA E O CONCELLO DE MOAÑA

Visto o borrador do convenio de colaboración entre a Fundación para a Orientación Profesional, o Emprego e a Formación en Galiza (en adiante FORGA) e o Concello de Moaña para o establecemento dun programa de prácticas tuteladas en Moaña para o alumnado do curso AGA00108 *-Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería-*, desenvolvido por FORGA dentro do seu Plano de Accións Formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas,

Visto que a realización destas prácticas formativas non implicará dotación económica ningunha por parte do Concello, e que FORGA asumirá a contratación dun seguro de accidentes para o alumnado que cubra os riscos que poidan deducirse da realización destas prácticas,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o texto do borrador e establecer o convenio con FORGA para a realización das mencionadas prácticas, e facultar ao alcalde para a súa sinatura.

10.- BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010

Visto o informe da técnica de emprego sobre as resolucións da Consellería de Traballo e Benestar sobre concesión de subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización do servizo de Salvamento en Praias, e para a realización do servizo de Conservación e Rexeración Ambiental,

Vista a proposta da Alcaldía do 18 de xuño que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola técnica local de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións das obras ou servizos; “Salvamento en Praias” e “Conservación e Rexeneración Ambiental” integradas nos programas de cooperación local do Concello de Moaña e do contido na Orde de 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar, reguladora dos Programas de Cooperación, faise necesario aprobar as bases de selección e polo tanto poñer en marcha o procedemento de selección e posterior contratación dos traballadores que formarán parte dos ditos programas, aprobando os criterios e data de selección dos candidatos á contratación, a composición do tribunal cualificador e as condicións baixo as que se realizarán as contratacións.

Polo anterior, **PROPOÑO:**

A) Aprobar os criterios de selección dos traballadores de entre os candidatos que serán enviados para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego, así como a composición do tribunal cualificador e a data de selección dos mesmos.

Os criterios, datas de selección e composición do tribunal propostos son os seguintes:

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2010 DO CONCELLO DE MOAÑA.

PRIMEIRA: OBXECTO

O obxecto das presentes bases é establecer o procedemento de selección de persoal que será contratado dentro dos programas de cooperación local entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Moaña correspondentes ao período 2010.

En todo caso a selección de traballadores realizarase de entre os candidatos que sexan remitidos para cada posto de traballo subvencionado pola oficina de emprego de Cangas, de acordo co recollido no artigo 12 da Orde de 19 de febreiro de 2010 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora dos Programas de Cooperación Local.

Os postos de traballo a cubrir, así como a titulación esixida, o salario e duración do contrato para cada un dos postos son os que se indican na seguinte táboa.

Nº POSTOS	POSTO	TITULACIÓN ESIXIDA	SALARIO BRUTO	I x CESE FINAL	DURACIÓN CONTRATO
SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS .					
3	PATRÓN	Licenza federativa embarcacións ata 6 m. de eslora, Patrón Embarcacións Recreo ou titulación superior	1.040,36	36,36	3 meses
3	SOCORRISTA	Técnico en Salvamento Acuático e Primeiros Auxilios ou Socorrista Acuático.	1.089,98	72,66	3 meses
CONSERVACIÓN E REXENERACIÓN AMBIENTAL					
1	TECNICO	Técnico superior en recursos naturais	1.402,44	829,98	9 meses.
3	PEÓN FORESTAL	Sen titulación	1.301,73	766,53	9 meses.
3	PEÓN SERVICIOS MULTIPLES	Sen titulación	1.301,73	766,53	9 meses.

Os candidatos que resulten seleccionados serán contratados baixo a modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social, a tempo completo e para unha obra ou servizo determinado.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario:

- a) Ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- b) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- c) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- d) Estar en posesión das titulacións esixidas para o posto de traballo ó que se pretende optar.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, ata o día 25 de xuño de 2010 ás 09:00h

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaracións xuradas de cumprir-los requisitos sinalados na base segunda, apartado f) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditarlo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.

O requisito de ser candidato remitido pola oficina de emprego de Cangas será comprobado polo Concello de Moaña mediante listado de candidatos para cada posto de traballo subministrado pola propia oficina, non sendo admitido ao proceso selectivo ningún candidato que non figure no citado listado.

CUARTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros:

Presidente:

- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.

Vogais:

- Eugenio Costa Diz. Funcionario da área de persoal
- Gloria Chapela Lemos. Funcionaria da área de administración.
- Jesús Boubeta García. Capataz de obras do Concello.

Secretario:

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

O tribunal poderá nomear un asesor, caso de consideralo preciso.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

PERSOAL DE SALVAMENTO EN PRAIAS (SOCORRISTAS E PATRÓNS).

1. Exame tipo test, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará para cada posto sobre as materias que figuran como anexos a estas bases.

2. Proba práctica, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.

Patrón: Realización dun exame práctico de Navegación e técnicas de rescate en embarcacións. Realizarase dúas das seguintes técnicas:

- Aproximación e técnicas de extracción dun accidentado do auga.
- Abordaxe e remolque dunha embarcación.
- Entrada e saída rápida en praia
- Colocación dun accidentado na embarcación.

- Entrada en praia cun accidentado.
- Colocación da embarcación varada na praia.
- Caída do socorrista o auga (patrón sentado no bulbo de babor).

Socorrista:

A proba consiste en correr 100 metros pola area, despois entrada a auga e nado duns 100 metros ata rodear unha boia, a continuación volta á praia con mergullo (somerxerse 10 metros rescatando un afogado) e aproximación á praia con remolque 35 m sen que a auga pase por riba das vías respiratorias.

O tempo contarase a partires do primeiro aspirante en pasar pola meta, que obterá a puntuación máxima de 5 puntos. A partires do primeiro aspirante as puntuacións serán as seguintes:

Tempo /homes	Ptos.	Tempo/ mulleres	Ptos.
+ 2 segundos	4,70	+ 4 segundos	4,70
+ 4 segundos	4,40	+ 6 segundos	4,40
+ 6 segundos	4,10	+10 segundos	4,10
+10 segundos	3,80	+15 segundos	3,80
+15 segundos	3,50	+30 segundos	3,50
+30 segundos	3,20	+ 40 segundos	3,20
+ 40 segundos	1,90	+ 50 segundos	1,90
+ 50 segundos	1,60	+ 60 segundos	1,60
+ 60 segundos	1,30	+ 70 segundos	1,30
Maior tempo	1	Maior tempo	1

PERSOAL DE CONSERVACIÓN E REXENERACIÓN AMBIENTAL.

1. Exame tipo test, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con catro posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O exame versará para cada posto sobre as materias que figuran como anexos a estas bases.

2. Proba práctica, 50% da puntuación. Máximo 5 puntos.

A proba práctica consistirá nunha demostración dos coñecementos, capacidades e aptitudes necesarias para desenvolver o traballo ao que aspira.

SEXTA: CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

A cualificación obtida polos aspirantes será a resultante da suma da puntuación obtida nos distintos exercicios.

Entenderanse seleccionados para cada posto de traballo os aspirantes que maiores puntuacións acaden, pola súa orde de puntuación, ata cubrir a totalidade dos postos ofertados. En caso de empate entre os candidatos a calquera posto de traballo, decidírase a selección outorgando preferencia aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- 1) Mulleres, en especial vítimas de violencia.
- 2) Menores de 30 anos, en especial, demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación.
- 3) Persoas con discapacidade.
- 4) Desempregados de longa duración.
- 5) Desempregados que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego.
- 6) Desempregados maiores de 45 anos.
- 7) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social

O resto dos aspirantes que non resulten inicialmente seleccionados pasarán a formar parte dunha lista, pola súa orde de puntuación, que poderá ser utilizada de cara a cubrir posibles substitucións, así como tamén, no seu caso, novas contratacións derivadas de resolucións complementarias para as obras ou servizos as que pertencen os postos obxecto desta convocatoria.

SETIMA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación dos aspirantes que obteñan a maior puntuación, quen resolverá

sobre a contratación e formalización dos contratos de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

OITAVA: PRAZOS.

Presentación de documentación: Ata o día 25 de xuño. Ás 09:00h

Exames tipo test e probas prácticas: Día 25 de xuño ás 10:00 no salón de plenos do Concello. O lugar da proba práctica comunicarase unha vez realizado o exame tipo test.

Publicación de resultados: Día 29 de xuño ás 9:00 horas.

NOVENA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña.

DÉCIMA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo reguladora dos Programas de Cooperación Local para o ano 2009, a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

B) Que o Concello de Moaña contrate ós candidatos seleccionados e propostos polo tribunal, de acordo cos seguintes custos de contratación:

As remuneracións a percibir polos traballadores serán as seguintes:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	P.P. EXTRA	PLUS EXTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA EMP. S.S.	CUSTO MES
CONSERVACIÓN E REXENERACIÓN AMBIENTAL (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).								
T.S. RECURSOS NATURAIS	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43
PEÓN FORESTAL	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65
PEÓN SERV. MULTIPLES	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65
PROGRAMA DE SALVAMENTO EN PRAIAS (CONVENIO COLECTIVO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS).								
PATRÓN (84)	891,73	0,00	148,63	0,00	1.040,36	1.040,36	340,72	1.381,08
SOCORRISTA (84)	934,26	0,00	155,72	0,00	1.089,98	1.089,98	356,97	1.446,95

Acompáñase cadro detallado de custos.

ANEXO:

MATERIAS PATRÓN

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2: Partes básicas dunha embarcación semirixida.

Tema 3: Expresións usadas en navegación. Nos mariñeiros. Ancoras.

Tema 4: Equipamento e mantemento mínimo da embarcación

Tema 5: Motor foraborda

Tema 6: Colocación de tripulantes a bordo.

Tema 7: Atraque, desatraque e fondeo. Navegación. Abordaxe e remolque.

Tema 8: Manobras de aproximación e rescate a un accidentado.

Tema 9: Medidas de seguridade e sinalización en praias.

Tema 10: Funcionamento con equipos de comunicación

MATERIAS SOCORRISTA.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2: Prestación de primeiros auxilios ao accidentado e principio xerais do salvamento acuático.

Tema 3: Secuencia de actuación no salvamento acuático.

Tema 4: Técnicas de entrada na auga. Flotacións. Técnicas de nado adaptadas. O mergullo.

Tema 5: Técnicas de control e zafaduras.

Tema 6: Técnicas de remolque directas. Técnicas de utilización do material de rescate.

Tema 7: Técnicas para o rescate de accidentados de columna.

Tema 8: Técnicas de respiración artificial no medio acuático.

Tema 9: Técnicas de extracción de accidentados.

Tema 10: Comunicacóns.

MATERIAS TÉCNICO SUPERIOR EN RECURSOS NATURAIS.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en xardinería e traballo forestal

Tema 3.- Principais técnicas de traballo en xardinería e traballo forestal.

Tema 4.- Maquinaria utilizada en traballos de xardinería e forestal.

Tema 5.- Ferramentas utilizadas.

Tema 6.- Clasificación e propiedades de árbores e plantas.

MATERIAS PEÓN FORESTAL.

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en traballo forestal.

Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballo forestal.

Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballo forestal.

Tema 5.- Clasificación e propiedades de árbores e arbustos.

MATERIAS PEÓN DE SERVIZOS MULTIPLES

Tema 1.- A constitución española de 1978. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- Principais traballos a desenvolver en construción.

Tema 3.- Maquinaria utilizada en traballos de construción.

Tema 4.- Ferramentas utilizadas en traballos de construción.

Tema 5.- Principais materiais utilizados en construción.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

11.- APROBACIÓN PADRÓN DE VADOS EJERCICIO 2007

O organismo autónomo provincial de xestión de recursos locais (ORAL) remite o padrón de vados 2007 para a súa comprobación e posterior aprobación polo órgano competente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de vados 2007 e trasladarlle o acordo ao ORAL para a publicación do padrón no BOP e posterior cobro.

12.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NO CONCELLO DE MOAÑA (1ª FASE)

En data 7 de xuño de 2009, esta Alcaldía-Presidencia acordou adxudicar provisoriamente o contrato de servizos para a implantación do sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- a) Prezo sen IVE: 26.220,00 euros.
- b) IVE: 4.195,20 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 30.415,20 euros.

O acordo de adxudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante do órgano de contratación en data 8 de xuño de 2010.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario provisoria en data 15 de xuño de 2010.

En data de 16 de xuño de 2010, o adxudicatario provisoria presenta aval bancario na tesourería municipal por importe de 1.311,00 euros. Asemesmo presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, e ca Seguridade Social, certificado de alta no IAE e nova declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

De conformidade co previsto no artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de servizos para a implantación do sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) á Empresa HUMAN SOFT S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada, entre as que se inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo:

- a) Prezo sen IVE: 26.220,00 euros.
- b) IVE: 4.195,20 euros.
- c) TOTAL: (a+b): 30.415,20 euros.

SEGUNDO.- Requiritr do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato.

TERCEIRO.- Nomear ao Concelleiro de Servizos, D. Víctor Manuel Pastoriza Lino responsable do contrato.”

CUARTO.-Publicar este acordo no BOP e no perfil do contratante do órgano de contratación e notificalo ao adxudicatario e demais licitadores.

13.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE IMPORTE PAGADO POR INFORME

D.^a Carmen Filgueira González, por escrito do 14 de xuño de 2010, solicita que se lle devolvan 7 euros dun informe policial, xa que foi repetido; adxunta fotocopia do recibo de pagamento.

Visto o informe do xefe da Policía local do 16 de xuño de 2010, que di *feitas as correspondentes averiguacións, comprobouse que no ano 2009 a interesada solicitou e recolle copia do informe deste Departamento con nº 2009/0719-1, e que en datas recentes solicitou de novo –e erroneamente- copia do mesmo. Unha vez que comprobou o seu erro, declinou recoller dita copia, polo cal procede o reembolso que solicita a requirinte.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución solicitada porque a reclamante presentou nova solicitude de copia e por iso se volveu emitir; acorda tamén, remitirlle o informe á solicitante.

14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

14.A) A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relación a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSE VILLAVERDE LEÓN	Saneamento, uso comercial	Pombal – Meira, 14C.	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JOSE VILLAVERDE LEÓN	Saneamento, uso doméstico	Pombal – Meira,14.C	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
MARÍA GALLEGO PAZ	Saneamento, uso doméstico	Paradela, 89	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
MANUEL LISARDO PÉREZ VILLAVERDE	Auga e Saneamento, uso comercial	Concepción Arenal, 48, baixo.	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 € D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
ÁNGEL MIGUEL GARCÍA MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Regueira, 80 Casal	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JESÚS MARÍA REFOJOS PÉREZ	Saneamento, uso doméstico	Fontes, 141	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
MARÍA LUISA DURÁN FERRO	Auga uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 2º C	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia Aparellador
EUGENIO NÚÑEZ CORDEIRO	Auga e Saneamento, uso doméstico	Senra, 10 - calexón.	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 € D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
EUGENIO NÚÑEZ	Auga e	Senra, 10 - baixo	D. conexión..... 60 €	Aparellador mun.

CORDEIRO	Saneamento, uso doméstico		Fianza..... 20 € D. saneamento..... 180 €	Aqualia
COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAMERTOLAMEU – MOAÑA	Auga uso doméstico (garaxe)	Fragata Almansa, 20 comunidade - garaxe	D. conexión..... 60 € Fianza..... 20 €	Aqualia Aparellador
MARÍA DEL CARMEN COMEDEIRO MENDUÍÑA	Saneamento, uso doméstico	Casal, 28 A Moaña.	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia
JOSÉ LUIS REGUEIRA GÓMEZ	Saneamento, uso doméstico	Verdeal, 8 Domaio.	D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia

14.B) D. Amador Martínez Gayo, por escrito do 11 de xuño de 2010, expón que está pagando o recibo do saneamento a Aqualia pertencente a Piñeiro, nº 12, e resulta que a casa que está conectada é Piñeiro nº 13, posto que a outra é unha construción ruínosa que nunca tivo saneamento. Solicita que se modifique o nº no padrón de saneamento, e pases os recibos co domicilio de Piñeiro nº 13.

Visto o informe do inspector-xefe do 14 de xuño de 2010, que indica que a vivenda de D. Amador Martínez Gayo é Piñeiro nº 13, non Piñeiro nº 12, que se trata dun galpón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se rectifique no padrón de saneamento o nº da vivenda do señor Martínez Gayo, sendo Piñeiro nº 13, non 12.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.